

**ORDENANZA 3.20****TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADURIAS,
MATERIAIS DE CONSTRUCCION, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, SOPORTES,
ANDAMIOS, CAMIÓNS-GRÚA, GRÚAS MÓVILES, PLATAFORMAS AÉREAS, CAMIÓNS DE
MUDANZAS E OUTRAS INSTALACIONS ANALOGAS****Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 20.1.A) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a tasa por ocupación de terreos de uso público con mercadurías, materiais de construcción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camións-grúa, grúas móviles, plataformas aéreas, camións de mudanzas e outras instalacions análogas, a que se refire o art 20.3.g) do TRLFL e que se rexerá pola seguinte Ordenanza e cuias normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo con mercadurías, materiais de construcción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camións-grúa, grúas móviles, plataformas aéreas, camións de mudanzas e outras instalacions análogas.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos



Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuyentes, as personas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a favor das que se otorguen as licencias e os que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular sen a autorización correspondente.

Artigo 4º. Base impoñible

A base impoñible está constituida pola superficie ocupada ou cuberta de dominio público local, en metros cuadrados, polas mercadurías, materiais de construcción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camións-grúa, grúas móviles, plataformas aéreas, camións de mudanzas e outras instalacions análogas, medida en metros cuadrados

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base o 0.05% do valor do metro de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo polo número de días que é obxeto de ocupación o dominio público local.
2. Nos casos de ocupación con contedores e valos a cota incrementarase nun 300% .

No caso de ocupación da vía pública con andamios fixos ou móviles, que se apoien ou voen sobre terreo comprendido dentro do espacio delimitado por un valo, quedarán obrigados ó pago da taxa incrementada correspondente á ocupación do espacio delimitado polo devandito valo.

3. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da debida tributaria , de **398,774737 €**
4. Asemeiso, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación establecidos para o cálculo da débeda tributaria no IAE según a categoría de rua en donde se coloquen as mercadorías, materiais de construcción, escombros, valos , puntais, soportes, andamios ,e outras instalacions análogas
5. En todo caso, e con carácter mínimo, esixiráse unha cota de 15,03 €
6. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizaráse cada ano según o índice que se sinale na Lei de orzamentos estatal para actualización de valores catastrais



Artigo 6º. Normas de xestion

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Tributaria Local e realizar o ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.
2. No suposto de que se actúe de oficio, a taxa se esixirá por liquidación provisional practicada pola Administración tributaria local

Artigo 7º. Infracciones e sancions

Para todo o relativo á calificación de infracciones tributarias e á imposición das sancions correspondentes , rexerá o disposto no artigo 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derrogación ou modificación.